



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernandez.

Concelleiros/as:

PP

Oscar Vázquez Corral.

Martín Gómez Vazquez.

Juan Carlos Gundín Fontecoba

BNG:

Alvaro X.García Freire

Javier Suarez Sanchez,

Hortensia Vázquez Gómez.

Secretaria:

Minia Astray Barca

Non asiste:

Emilio Mahía Neira

Esther Bergantiños García.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O
XOVES DIA 9 DE XANEIRO DE 2025.-

Na casa do concello de Vilasantar, sendo
as 21:00 horas do día baixo a presidencia do Sr.
Alcalde, reúnen-se os concelleiros/as que no
marxe se indican co obxecto de celebrar sesión
ordinaria do Pleno da corporación. A
Continuación pasouse o estudo da orde do día,
adoptándose sobre os asuntos contidos na
mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o
Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na
Orde do Día :

Primeiro. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Segundo. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Terceiro. MOCIÓNS.

Cuarto. ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobación acta da sesión extraordinaria urxente de data 14/11/2024 aprobación por
unanimidade da acta.

SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.



Van dende o 12/11/2024 ao 30/12/2024 e son 64 decretos que están enviados en tempo a tódolos concelleiros/as.

TERCEIRO.- Inclusión na orde do día do presente punto extraordinario relativo á proposta de acordo de aprobación do POS social 2025 da Deputación da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Indica o Sr. Alcalde que ven de xeito extraordinario porque non deron nos servizos sociais preparado a proposta en tempo e por iso o traemos agora. Polo que é necesario votar a inclusión da urxencia do POS social.

VOTACIÓN

Votos a favor: 4 votos (PP) e 3 votos (BNG).

Inclúese na orde do día o presente punto.

DEBATE

O POS social como tedes no documento é unha achega provincial da Deputación da Coruña para os servizos sociais que é dunha cantidade de 40.508,19 € estes gastos están divididos de conformidade co establecido no acordo, procede á explicación do acordo. Indica o Sr. García que no documento non consta e proceden á comprobación do mesmo e dos anexos. Indica o Sr. García as cantidades que se establecen no acordo. Indica o Sr. Alcalde que se ten ata o día 15 para a xustificación.

VOTACIÓN

Votos a favor: 4 votos (PP) e 3 votos (BNG).

ACORDO



1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2025**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025

Dato notificado que figura no seu expediente

40.508,19 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	371.993,00 €	292.000,00 €	79.993,00 €	39.708,19 €	40.284,81 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	800,00 €		800,00 €	800,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	372.793,00 €	292.000,00 €	80.793,00 €	40.508,19 €	40.284,81 €

IMPORTE SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	39.708,19 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	800,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	40.508,19 €

2. Comprometerse a **facer constar a colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

CUARTO.- MOCIÓNS.

Non hai mocións no presente pleno.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS

- BNG:



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



PREGUNTA 1. O pleno do concello tomou en consideración a aprobación provisional do PXOM 19 de febreiro 2014, expoñéndose ao público durante un período de 2 meses no que os interesados presentamos distintas alegacións. No ano 2017 quebrou a empresa redactora Cerne Ingeniería SA Ceinsa, cedéndolle os dereitos do documento a un dos redactores para que continuase coa tramitación. Despois de máis de 10 anos da súa aprobación inicial en que situación se atopa o documento do PXOM? Sigue vixente a subvención concedida pola Xunta para a súa redacción?

Responde o Sr. Alcalde que o PXOM tivo que paralizarse por inicio das concentracións parcelarias de Barbeito máis de San Vicente que modificaron por completo os terreos e as súas titularidades, a maiores entrou en vigor a Lei do Solo de Galicia e o Regulamento que a desenrola e mesmo o contido do PXOM non se adaptou as normas técnicas do planeamento vixentes dende o ano 2019 e modificadas no ano 2022. Polo tanto, estamos adaptando o contido do actual documento do PXOM ás citadas normas técnicas de planteamento así como incorporar ao mesmo a documentación complementaria que sexa necesario considerar segundo as determinacións da lexislación sectorial en materia do solo de Galicia. Isto último ten un importe de 14.000 € máis IVE que será financiado mediante un convenio que asinaremos no mes de febreiro seguramente, porque esa adaptación no ía incluída na subvención da Xunta de Galicia. A subvención concedida pola Xunta segue vixente, no ano 2024 procedeuse ao reaxuste dos importes, polo tanto, agora mesmo a documentación coa modificación está entregada e agora eles teñen que adaptala toda e mais teñen que replantexar.

Pregunta o Sr. García se dende o ano 2019 estamos esperando por iso ao que o Sr. Alcalde contesta que a concentración parcelaria aínda non ten firmeza. Pregunta o Sr. García se hai exposición pública de novo ao que o Sr. Alcalde responde que coa nova Lei de Galicia as novas concentracións teñen plan de cultivos e xa delimitan e as que non teñen concentracións son solos de concentración ordinaria, indica que a nova norma xa vai a indicar o que é agrícola e o que é forestal e o tema dos núcleos pois se ve que zonas creceron e cales e non e que zonas de núcleos urbanos se manteñen e non medran e os que se reducen e os que se amplían.

Pregunta o Sr. García se os documentos sobre protección do patrimonio pódense consultar? Indica o Sr. Alcalde que con respecto ao mesmo antes non había o plan de mobilidade e agora hai que facelo ao que o Sr. García indica que se refire a que o tema de patrimonio xa está entregado? Ao que o Sr. Alcalde responde que si.



PREGUNTA 2. Cal foi o motivo de non convidar a tódolos concelleiros á inauguración do punto limpo?

Responde o Sr. Alcalde que a Consellería visitou o Punto Limpo que estaba financiado pola Xunta nun 80% e pola Deputación por outro % e por unha parte pequena o Concello e a Conselleira visitou o Punto Limpo para anunciar varias liñas de axuda para a xestión dos residuos, foi unha visita. O Punto Limpo aínda non está funcionando xa que falta a visita dos inspectores do servizo de residuos que remitimos o certificado de final de obra e logo poder inauguralo para a súa posta en funcionamento.

Indica o Sr. García que lle parece unha falta de respecto esa situación ao que indica o Sr. Alcalde que a el tamén lle aparecen outras cousas falta de respecto cando intento saudar e non saúdas ao que o Sr. García nega totalmente e indica que cando falamos de corrección o BNG votou a favor do Punto Limpo e quere dicir que cando o tiñas paralizado falaches comigo e dinche a entrevista co Deputado e solucionouse o problema ao que o Sr. Alcalde resposta que o problema íase solucionar igualmente. Que menos que polo mesmo tela deferencia ao que indica o Sr. Alcalde que cando veña a Deputación faremos a inauguración e serán convidados tódolos concelleiros.

PREGUNTA 3. Que horario de apertura vai ter este punto limpo e que persoal o vai atender?

Responde o Sr. Alcalde que o horario de apertura é de 09:00-11:00 os luns e os venres de 12:00-14:00 e calquera outro horario chamar ao concello. O persoal que estará presente serán os peóns municipais para non incorrer en ningún tipo de gasto.

PREGUNTA 4. O concello ten calculado o custe que lle vai ocasionar a suba do canon de SOGAMA?

Responde o Sr. Alcalde que está pendente de aprobación o canón reducido de 95 € unha vez aprobado por eles o publicarán no DOGA e nolo comunicarán ao concello.

PREGUNTA 5. No ano 2024 non se convocou liña de subvencións para entidades nin tampouco se asinaron os convenios que tradicionalmente se viñan mantendo co equipo de fútbol e coa ANPA do colexio. Tense previsto a convocatoria para o 2025? Váiselle compensar



as entidades duplicando como mínimo a contía das subvencións? Vaise estudar a posibilidade de que as subvencións sexan plurianuais e abarquen as anualidades dos anos 2024 e 2025.

Responde o Sr. Alcalde que por problemas económicos non se convocaron nin as subvencións nin os convenios como xa se fixo nalgún outro ano cando tivemos o PEF. Os convenios directos coa ANPA e o Clube de Fútbol levan facendo de xeito extraordinario desde fai 4 anos igual que as axudas á natalidade, independentemente disto o concello aporta anualmente para as actividades que proxecta o ANPA a cantidade 5.475 € independentemente do convenio. A maiores aportou a serigrafía dos chándales e das camisetas. O Clube de fútbol que se comezou a dar á nominativa fai 4 anos e que antes non se daba. O Clube de fútbol de Vilasantar o Concello asume a limpeza dos vestiarios, o corte da herba, o mantemento do campo e asumindo os custes de electricidade e a compra de material como se fixo o ano pasado e a maiores das melloras que se foron facendo no campo de fútbol. Durante este ano iremos vendo a posibilidade de sacalas tanto as subvencións como as nominativas co mesmo importe ou con menor importe dependendo das posibilidades.

Indica o Sr. García que o Sr. Alcalde sempre pon exemplos doutros Concellos que non importa o que importa é Vilasantar aquí dábanse uns cartos e uns convenios e a xente conta con eles e tiveron un gasto que contaban. Responde o Sr. Alcalde que hai que ver as posibilidades que temos pero seguimos colaborando con ambos.

PREGUNTA 6. Neste momento están pendentes de realizar as obras “Rehabilitación superficial firme de calzada existente no Camiño dende o Vao a Días” e “Rehabilitación superficial do firme de calzada existente no camiño de acceso a Tamou desde A Fraga” co prazo de execución xa rematado. A empresa fixo unha solicitude dunha prorroga. En que situación se atopan estas obras?

Responde o Sr. Alcalde que estamos á espera de que apareza a empresa porque está tendo problemas para vir e de non facelo no mes de febreiro rescindiremos o contrato.

Levantase a sesión , sendo as 21:25 horas do que eu secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE